

SEGUNDA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE VALGA PARA REDUCIR O RISCO DE INUNDACIÓN NA ARPSI DOS RÍOS ULLA E SAR, COFINANCIADA POLA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) NUN 80% DO GASTO ELIXIBLE NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020 E NUN 60% DO GASTO ELIXIBLE NO MARCO DO PROGRAMA GALICIA FEDER 2021-2027

Dunha parte, Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, na súa condición de Presidenta de Augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, en relación co artigo 2.b.1 do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

Doutra parte, José María Bello Maneiro, alcalde do Concello de Valga, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local

EXPOÑEN

1. O 6.9.2021 formalizouse o convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Valga para reducir o risco de inundación na ARPSI dos ríos Ulla e Sar, cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 80%, no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020.
2. O 20.12.2023 subscribiuse a primeira addenda ao convenio de colaboración para ampliar o prazo de vixencia do convenio, reaxustar as anualidades ao ritmo previsto de execución das actuacións, incluír no título e no convenio a referencia ao Programa Galicia FEDER 2021-2027 e a normativa que o regula, así como a cláusula relativa ao principio de non causar dano significativo.
3. Para acomodar as anualidades do convenio ao ritmo de execución das obras, a Dirección de Augas de Galicia acordou reaxustar as anualidades en data 25.4.2024, 9.7.2024 e 2.4.2025.



As anualidades do convenio, tralo reaxuste acordado o 02.04.2025, quedaron como seguen:

Anualidade	Importe
2021	35.034,39 €
2022	25.994,56 €
2023	243.124,99 €
2024	430.459,88 €
2025	515.386,18 €
Total	1.250.000,00 €

4. No ámbito deste convenio licitáronse os seguintes contratos en relación coas seguintes actuacións obxecto do convenio de colaboración:

a) Protección da marxe dereita do río Valga ao seu paso por Valga. Valga (Pontevedra)

- O contrato "Protección da marxe dereita do río Valga ao seu paso por Valga. Valga (Pontevedra)", clave OH.436.1217, formalizouse o 25.05.2023, por un importe de 228.718,05 €, e un prazo de execución de 3 meses.

O importe da redacción do proxecto da referida obra ascendeu á cantidade de 17.756,75 €.

Esta obra está rematada e recepcionouse o 04.02.2025.

- O Servizo de asistencia técnica á dirección facultativa da obra de OH.436.1217 Protección da marxe dereita do río Valga ao seu paso por Valga. Valga (Pontevedra)" clave GA.22116, adjudicouse o 02.05.2023 por un importe de 11.482,90€.

- O Servizo para o desenvolvemento de actividades preventivas e accións de coordinación empresarial no marco da actuación denominada "OH.436.1217 Protección da marxe dereita do río Valga ao seu paso por Valga. Valga (Pontevedra)", clave GA.22117, adjudicouse o 02.05.2023, por importe de 5.470,41€.



- No marco do proxecto OH.436.1217, foi necesario executar unha obra complementaria de clave M24057 para a rehabilitación dunha piscina fluvial situada augas abaixo da zona de actuación. A execución desta actuación ascendeu á cantidade de 44.697,81 €.

O Servizo para o desenvolvemento de actividades preventivas e acción de coordinación empresarial no marco do actuación referida executouse ata acadar un importe de 3.175,40 €.

b) Mellora do espazo fluvial do río Louro entre a estrada PO548 e a liña do ferrocarril. Valga (Pontevedra)

- O contrato "Mellora do espazo fluvial do río Louro entre a estrada PO548 e a liña do ferrocarril. Valga (Pontevedra)", clave OH.436.1218, formalizouse 17.08.2023, por un importe de 330.431,02 €. O investimento total, engadindo a medición final de 33.042,98 €, ascendeu a 363.474,00€.

O importe da redacción do proxecto da referida obra ascendeu á cantidade de 17.997,54 €
A obra está rematada e recepcionouse o 12.11.2024.

- O contrato do Servizo de asistencia técnica á dirección facultativa da obra denominada "OH.436.1218 - Mellora do espazo fluvial do río Louro entre a estrada PO548 e a liña do ferrocarril. Valga (Pontevedra)" clave GA.22118, adxudicado o 03.07.2023 por un importe de 12.705,00 €.

- O contrato Servizo para o desenvolvemento de actividades preventivas e accións de coordinación empresarial no marco da actuación denominada "OH.436.1218 - Mellora do espazo fluvial do río Louro entre a estrada PO548 e a liña do ferrocarril. Valga (Pontevedra)" clave GA.22119, adxudicouse o 03.07.2025 por importe de 4.987,62 €.

c) Mellora do espazo fluvial do río Valga entre a liña do ferrocarril e a rúa Devesa. Valga (Pontevedra)

- O contrato de servizo de redacción do proxecto constructivo: OH.436.1219 Mellora do espazo fluvial do río Valga entre a liña do FF.CC. e a rúa Devesa. Valga (Pontevedra) adxudicouse por importe de 47.553,00 €.



O proxecto para a mellora do espazo fluvial do ría Valga entre a liña do FCC e a rúa Devesa está en fase de supervisión e unha vez aprobado procederase á licitación da obra.

As obras consisten na mellora do entorno fluvial e inclúen a demolición da ponte actual y a súa reconstrución. A inversión prevista no proxecto en tramitación ascende a 1.101.354,46 €.

5. Durante a redacción do proxecto con clave OH.436.1219, detectáronse unha serie de necesidades adicionais que fixeron necesaria a redacción dun novo proxecto denominado "Mellora hidráulica dos ríos Valga e Soutiño, na área de risco potencial significativo de inundación (ARPSI) río Ulla e río Sar – ES 14- CP-05-02-11 mediante actuacións na canle dos ríos para mellorar o seu comportamento hidráulico. Valga (Pontevedra)" clave OH.436.1317, que se debe incorporar as actuacións previstas no convenio de colaboración para reducir o risco de inundación na ARPSI dos ríos Ulla e Sar.

O proxecto para a redacción do proxecto para a Mellora hidráulica dos ríos Valga e Soutiño, na área de risco potencial significativo de inundación (ARPSI) do río Ulla e río Sar, clave M24088, formalizouse por un importe de 17.968,50 €.

A inversión estimada para a realización destas actuacións ascende a 800.000,00 €.

6. Así mesmo, aos importes estimados para a realización das actuacións previstas nos proxectos con clave OH.436.1219 e OH.436.1317, deben engadirse os importes previstos para os contratos de dirección de obra, para o desenvolvemento de actividades preventivas e a retención de crédito para facer fronte aos gastos de certificación final da obras e que se estiman en 280.000,00 €.

7. A suma dos importes das actuacións xa executadas e os proxectos formalizados ascende a 775.986,98 €.

O importe estimado para as actuacións pendentes de licitar e executar ascende á cantidade de 2.181.354,46 €.

A suma destas cantidades ascende a 2.957.341,44 €. Polo que o importe establecido para o convenio (1.250.000,00 €) debe aumentarse na cantidade de 1.707.341,44€.



8. Tendo en conta que están pendentes de licitación e execución actuacións obxecto do convenio é preciso ampliar o prazo de vixencia do convenio, inicialmente previsto para o 31.12.2025.

Por todo o exposto, é preciso ampliar o obxecto do convenio, aumentar o seu importe e, en consecuencia, reaxustar as anualidades ao ritmo previsto de execución das actuacións e ampliar o prazo de vixencia

Polo tanto, a vista de todo o manifestado anteriormente, as partes

ACORDAN

Subscribir esta addenda ao convenio de colaboración citado modificando a cláusula primeira (obxecto do convenio), a cláusula terceira (réxime de financiamento e obrigas de carácter económico) e a cláusula sétima (vixencia do convenio) nos seguintes termos

1º. A cláusula primeira do convenio de colaboración queda redactada da seguinte maneira:

É obxecto deste convenio establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Valga que permitan redactar os proxectos construtivos das actuacións que se detallan a continuación, acometer as obras e, posteriormente, conservarlas e mantelas, nos termos establecidos nas cláusula seguintes.

As actuacións son as seguintes:

- *Mellora do espazo fluvial do río Louro entre a estrada PO548 e a liña de ferrocarril. Valga (Pontevedra).*
- *Mellora do espazo fluvial do río Valga entre a liña do ferrocarril e a Rúa Devesa. Valga (Pontevedra).*
- *Protección da marxe dereita do río Valga ao seu paso por Valga. Valga (Pontevedra).*
- *Mellora hidráulica dos ríos Valga e Soutiño, na área de risco potencial significativo de inundación (ARPSI) río Ulla e río Sar.*

2º. A cláusula terceira do convenio de colaboración queda redactada da seguinte maneira:



TERCEIRA. RÉXIME DE FINANCIAMENTO E OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO

1. O custo total para a contratación dos proxectos contemplados neste convenio e da súa execución financiarase integramente por Augas de Galicia ata unha cantidade máxima de dous millóns novecientos cincuenta e sete mil trescentos corenta e un euros con corenta e catro céntimos (2.957.341,44 €). Para o financiamento desta cantidade, Augas de Galicia dispón de crédito suficiente e axeitado na conta 230 “Investimentos xestionados para outros entes públicos” do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia. A achega de Augas de Galicia de anualidades futuras está condicionada á existencia de crédito nos seus correspondentes orzamentos. A distribución de anualidades é a seguinte:

Anualidade	Importe
2021	35.034,39 €
2022	25.994,56 €
2023	243.124,99 €
2024	430.459,88 €
2025	41.373,16 €
2026	200.000,00 €
2027	1.500.000,00 €
2028	481.354,46 €
Total	2.957.341,44 €

2. A execución das obras de referencia serán cofinanciadas pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 80% do gasto elixible, no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020 e nun 60% do gasto elixible no marco do Programa Galicia FEDER 2021-2027. A actuación enmárcase dentro do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020 no Obxectivo Temático 5 “promover a adaptación ao cambio climático e a prevención e xestión de riscos”; Prioridade de Investimento 5.2 “Fomento do investimento para facer fronte a riscos específicos, garantindo unha resiliencia fronte as catástrofes e desenvolvendo sistemas de xestión de catástrofes”; Obxectivo Específico 5.2.1 “fomento do investimento para a prevención e xestión de riscos específicos sobre as poboacións, incluíndo Protección Civil”; Actuación CPSO 5.2.1.4 “Medidas de prevención e xestión das inundacións na demarcación hidrográfica Galicia – Costa”; Operación “Medidas para a Prevención do Risco de Inundación na ARPSI Río Ulla e Río Sar - ES014-CP 05-02-11.”; e no Programa Galicia FEDER 2021-2027 no Obxectivo Político 2 “Unha Europa máis



verde, hipocarbónica e en transición cara a unha economía con cero emisións netas de carbono e resiliente, promovendo unha transición enerxética limpa e equitativa, o investimento verde e azul, a economía circular, a mitigación do cambio climático e a adaptación a el, a prevención e xestión de riscos e a mobilidade urbana sostible”; Prioridade 2A “Transición verde”; Obxectivo Específico 2.4 “Favorecer a adaptación ao cambio climático e a prevención do risco de catástrofes, así como a resiliencia, tendo en conta os enfoques baseados nos ecosistemas”, Liña de actuación 2.4.01 “Actuacións de preservación dos recursos hídricos, os seus ecosistemas e preparación, protección e resposta fronte a inundacións”; Operación “Medidas para a prevención do risco de inundación na ARPSI río Ulla e río Sar – ES014-CP 05-02-11.”. Polo que, deberanse observar os criterios de elixibilidade, xestión, publicidade e control propios dos documentos de programación e da normativa comunitaria de aplicación ao FEDER. Respectaranse, polo tanto, as normas de subvencionabilidade do gasto dos Programas do citado fondo europeo, así como as obrigas en materia de información, visibilidade, transparencia e comunicación establecidas no documento “O uso do emblema europeo no contexto dos programas da UE 2021-2027” publicado pola Comisión Europea, na normativa comunitaria de aplicación e nas Guías de Comunicación elaboradas polo Organismo Intermedio, co obxectivo de recoñecer a axuda dos Fondos Comunitarios ao presente convenio.

No caso de que a Comisión Europea adoite decisións que impliquen correccións financeiras e/ou descertificacións de fondos europeos, consecuencia de causas imputables á entidade local, o Concello obrígase a asumir os ditos importes económicos.

As baixas do orzamento que se produzan como consecuencia da adxudicación de execución das obras de referencia repercutirase a Augas de Galicia. Do mesmo xeito, os hipotéticos incrementos derivados de posibles modificacións das actuacións serán asumidas por esta entidade ata a cantidade máxima fixada nesta cláusula.

3º A cláusula sétima do convenio de colaboración queda redactada da seguinte maneira:

SÉTIMA. VIXENCIA DO CONVENIO

O convenio terá efectos desde a data da súa sinatura por todas as partes e estenderá a súa vixencia ata o 06.09.2029. Porén, seguirá producindo efectos en tanto se manteñan as obrigas pendentes de cada unha das partes recollidas neste convenio.



4º. A sinatura desta addenda suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten na addenda, e mailo resto de especificacións contidas nesta, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas desta addenda, as partes asinan electronicamente este documento.

A presidenta de Augas de Galicia, Ángeles Vázquez Mejuto
O alcalde do Concello de Valga, José María Bello Maneiro

